

NARRATIVA GALEGA

Borrazás, Jaureguizar e López presentan 'Trece por docena'

Coa pretensión de amosar o panorama narrativo estatal, onde conviven autores en galego, asturiano, vasco, catalán e castelán, preséntase o día 21 no Club Internacional de Prensa de Santiago a obra *Trece por docena*. Un volume no que se recollen as voces de trece escritores inéditos ou emerxentes entre os que se atopan os galegos [Xurxo Borrazás](#), [Santiago Jaureguizar](#) e [Xabier López](#).

- 12:56 20/12/2005

A presentación vai contar coa presenza, ademais dos tres escritores galegos, do editor Constantino Bertolo, director literario da encargada de sacar ao mercado este produto, Caballo de Troya (inserida no grupo [Random House Mondadori](#)). Os relatos de *Trece por docena* pertencen a Lluís Bande, Iolanda Batallé, Hartkaiz Cano, Miguel A. Delgado, Aingeru Ezpaltza, Javier González, Llort, Joan Antoni Martín Piñol, Pablo Sastre e Anatxu Zabalbeascoa.

A representación da narrativa galega chega da man de Xurxo Borrazás, autor de títulos como *Cabeza de chorlito*, *Criminal*, *Na maleta* e *Ser ou non*; Santiago Jaureguizar, redactor de Cultura de [El Progreso](#), posúe os premios García Barros de 2005 por *Cabaret Voltaire*, Xerais 2003 por *Casa Skylab* e Lueiro Rey de 2001 por *Breve crónica universal da clase obreira*; Xabier López, o máis novo dos tres autores, publicou *Biff*, *Bang*, *Pow!*, *Doutor Deus* e *O mono no espello*, e conseguiu o Premio Nacional da Crítica hai dous anos.